

Presentación do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica

- Actualizado (24.05.2006)

A Dirección Xeral de I+D+i organiza unha xornada de presentación do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, co fin de achegar a maior información posible sobre estes programas de axudas a empresarios e investigadores.

Este plan, que será publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) proximamente, corresponde aos Programas Sectoriais de Recursos Naturais, Tecnoloxías para a Innovación e Servizos ao cidadán, ao Programa de Promoción Xeral da Investigación e ao Programa de Fomento da Propiedade Industrial en Galicia.

O primeiro bloque, relativo aos programas sectoriais, está dirixido a proxectos de investigación aplicada e innovación tecnolóxica de grupos de investigación consolidados ou de excelencia, centros tecnolóxicos, empresas e agrupacións de empresas. O segundo bloque está orientado a fomentar a investigación básica de grupos de investigación do Sistema Universitario de Galicia e de organismos públicos de investigación. Por último, as axudas para o fomento da propiedade industrial, están encamiñadas a sufragar parte dos custos derivados da protección e utilización do sistema de propiedade industrial por empresas.

A xornada de presentación celebrarase nos vindeiros días nas principais cidades galegas e estará aberta a calquera persoa. Para poder asistir, os interesados deberán confirmar asistencia por teléfono 981541089 ou vía e-mail prensa_sxid@sxid.org.

Data e hora de celebración das presentacións:

- Luns 29 de maio, ás 12h: Centro Social Caixanova. Rúa Policarpo Sanz, 24-26. Vigo

- Martes 30 de maio, ás 12h: Edificio da Xunta de Galicia. Salón de Actos da Presidencia. Rúa Benito Corbal, 47. Pontevedra

- Martes 30 de maio, ás 19h: Edificio Administrativo. Salón de Actos. Praza Camilo José Cela, s/n. Ferrol

- Xoves 1 de xuño, ás 20h: Confederación de Empresarios de Ourense. Praza das Damas, 1. Ourense

- Venres 2 de xuño, ás 19,30h: Edificio Monelos. Salón de Actos. Praza Luis Seoane, s/n. A Coruña

- Martes 6 de xuño, ás 13h: Fundación Empresa-Universidade. Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n. Campus Universitario Sur. Santiago de Compostela

- Venres 9 de xuño, ás 20h: Cámara de Comercio de Lugo. Avda. Ramón Ferreiro, 28. Lugo